

ACTA DA SESION ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL CORRESPONDENTE O DIA 29 DE DECEMBRO DO 2008.-

Na Casa Consistorial do Concello de Ribadavia, o día vinte e nove de decembro de dous mil oito; a unha e media do mediodía xúntanse os señores que de seguido se sinalan para celebraren a sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local correspondente a esta data: Alcalde-Presidente Don Marcos Blanco Jorge.- Concelleiros: Don José Ignacio Gómez Pérez, Don Anxo Collarte Pérez, Dona Manuela Iglesias Collarte, e Don Emilio Cuiñas Otero.

Está presente o Secretario do concello, Don Pablo Portela Fernández.

Está presente o Interventor do concello, Don Vicente Soto Rodríguez.

Aberta a sesión polo Sr. Alcalde, pásase de seguido ó estudio dos asuntos que conforman a anunciada Orde do Día, que resultan se-los seguintes:

1.- ACTA ANTERIOR.-

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, aproba o borrador da Acta da sesión anterior, que foi a celebrada o pasado vinte e dous de decembro do dous mil oito (Ordinaria).

2.- OBRAS MAIORES.-

Non houbo.-

3.- ESCRITOS DOS SEÑORES CIADÁNS.

INFORMACIÓN URBANÍSTICA.

1º.- Solicitud de información urbanística interesada por **Dona Maria Fernández Alvarez** con domicilio en crta A Carbillino, con número de rexistro de entrada 5658. A proposta da Concelleira Delegada de urbanismo Dona Manuela Iglesias Collarte e visto o correspondente informe técnico de data 19.12.08 a Xunta de Goberno Local por unanimidade aprobou a información urbanística que se contén naquel sobre o lugar sito na Crta. Carballiño , a solicitude de dona **Maria Fernández Alvarez** de xeito que se entregará ó solicitante copia selada e cotexada do devandito informe para coñecemento e efectos.

2º.- Solicitud de información urbanística interesada por **Don Luis Fernández Dominguez** con domicilio en Penavaqueira, con número de rexistro de entrada 6093. A proposta da Concelleira Delegada de urbanismo Dona Manuela Iglesias Collarte e visto o correspondente informe técnico de data 19.12.08 a Xunta de Goberno Local por unanimidade aprobou a información urbanística que se contén naquel sobre o lugar sito na Crta. Carballiño , a solicitude de don **Luis Fernández Dominguez** de xeito que se entregará ó solicitante copia selada e cotexada do devandito informe para coñecemento e efectos.

CUALIFICACIÓN DEFINITIVA

“Visto o expediente a nome de **don Julio Rivera Fernandez**, con domicilio na Rúa Yañez nº29, Ribadavia relativo á subvención para actuacións na área de rehabilitación do casco histórico de Ribadavia, no inmovible sito na Rúa Yañez nº29, desta Vila, A Xunta de Goberno Local, tendo en conta o informe emitido dende a oficina de Rehabilitación do Casco Histórico de Ribadavia, por unanimidade, acorda prestar aprobación á certificación fin de obra e a proposta de subvención a cargo do Ministerio de Vivenda por importe de 6.000 euros, e da Consellería de Vivenda por importe de 5.000 euros, xa que as obras foron executadas de acordo coa Ordenanza reguladora das actuacións de rehabilitación no ARI do Casco Histórico e o Convenio de Colaboración entre o I.G.V.S. e o Concello, remitindo o devandito expediente o Instituto Galego de Vivenda e Solo”.

4.- ESCRITOS OFICIAIS.-

A Xunta de Goberno Local, toma coñecemento dos seguintes:

1º.- Dase conta por parte do secretario da providencia do Xuzgado do cotencioso administrativo nº2 de Ourense con data de RE 26.12.08, nº RE 7596, relativo ao procedemento ordinario 000423/2008e na que se solicita a remisión do expediente administrativo no prazo de vinte días.

A Xunta de goberno local acorda a remisión do citado expediente.

5.- CUESTIONS ECONOMICAS E ASUNTOS VARIOS.-

Por parte do Sr. Alcalde de conformidade co Real decreto lei 9/2008 de 28 de novembro polo que se crea un Fondo estatal de inversión local, preséntase a Xunta de goberno dúas memorias valoradas incluídas nas “*obras financiadas*” do art. 3 da norma citada, sendo estas as seguintes:

-Pavimentación rúa Baixada ao Concello e reposición de pavimento na rúa Oliveira, cun orzamento de execución por contrata (IVE incluído) de 49.471,02€, cunha duración aproximada de realización dos traballos dun (1) mes e cun emprego de man de obra necesario para execución dos traballos de 5 empregados.

-Acondicionamento do cemiterio de San Cristovo-Ribadavia, cun orzamento de execución por contrata (IVE incluído) de 59.985,93€, cunha duración aproximada de realización dos traballos de tres (3) meses e cun emprego de man de obra necesario para execución dos traballos de 5 empregados.

Así mesmo, por parte do concelleiro don Emilio Cuiñas Otero en representación do BNG preséntase a seguinte memoria valorada:

-Rehabilitación de edificio no núcleo de Ribadavia para creación dun centro municipal de información xuvenil, cun orzamento de execución por contrata (IVE incluído) de 137.997,23€, cunha duración aproximada de realización dos traballos de 6 meses e cun emprego de man de obra necesario para execución dos traballos de 6 ou 7 empregados.

O interventor don Vicente Soto Rodríguez certifica que as citadas obras non están previstas no orzamento do concello para o ano 2009.

O secretario informa de que posteriormente coa presentación dos proxectos deberá solicitarse informe técnico sobre a compatibilidade dos proxectos coa normativa urbanística aplicable.

Deliberado sobre o particular a Xunta de goberno local en cumprimento do preceptuado polo art. 3 da Resolución de 9 de decembro de 2008 sobre condicións para tramitación e xustificación dos recursos librados con cargo ao Fondo estatal de inversión local aproba as seguintes memorias valoradas:

-Pavimentación rúa Baixada ao Concello e reposición de pavimento na rúa Oliveira, cun orzamento de execución por contrata (IVE incluído) de 49.471,02€, cunha duración aproximada de realización dos traballos dun (1) mes e cun emprego de man de obra necesario para execución dos traballos de 5 empregados.

-Acondicionamento do cemiterio de San Cristovo-Ribadavia, cun orzamento de execución por contrata (IVE incluído) de 59.985,93€, cunha duración aproximada de realización dos traballos de tres (3) meses e cun emprego de man de obra necesario para execución dos traballos de 5 empregados.

-Rehabilitación de edificio no núcleo de Ribadavia para creación dun centro municipal de información xuvenil, cun orzamento de execución por contrata (IVE incluído) de 137.997,23€, cunha duración aproximada de realización dos traballos de 6 meses e cun emprego de man de obra necesario para execución dos traballos de 6 ou 7 empregados.

6.- ROGOS E PREGUNTAS QUE SE FORMULEN REGULAMENTARIAMENTE.-

Non houbo.-

E sendo as dúas e cuarto do mediodía, o Sr. Alcalde, ergueu a sesión, estendéndose a presente, do cal, coma Secretario, certifico.

O ALCALDE

O SECRETARIO